

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 23 DE XUÑO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 09:40 horas do día 23 de xuño de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 21 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Rubén Peña Barceló (asiste aos puntos 2a, 2b, 3a e 4a)
D^a. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 7a, 8b, 8e, 9b, 9e, 10a e 10d)
D. Álvaro Crespo Casal (asiste aos puntos 8a e 9a)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 8c, 9c e 10b)
D^a. María Gómez Janeiro (asiste aos puntos 8d, 9d e 10c)
D. Luis García Álvarez (asiste ao punto 15a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 16 de xuño de 2017

Apróbase a acta da sesión do 16 de xuño de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

b) Acta da sesión do 19 de xuño de 2017

Apróbase a acta da sesión do 19 de xuño de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da estrutura e pavimento do pavillón do Monte da Mina (Castrelos) (15.922-333)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 06:56	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A343-C33545-5E55CF-5NRRQ3-JTC7AQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.
 2. CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.
 3. EXCAVACIONES ROALTRANS, S.L.
 4. DEGALLE CONSTRUCCIONES, S.A.
 5. ORECO, S.A
 6. GPD CONSTRUCCIONES, S.A.
 7. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)
 8. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.
 9. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
 10. CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.*

* Só declara posuír unha das dúas clasificacións alternativas sinaladas no prego de cláusulas administrativas particulares, C-6-2, se ben, feitas as oportunas comprobacións na páxina web da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado en relación coas empresas clasificadas, constátase que a referida empresa tamén posúe a clasificación C-2-1.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. ANEK-S3, S.L.
 2. BIOMED, S.A.
 3. ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U.
 4. CARYOSA HYGIENIC SOLUTIONS, S.L.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da estrutura e pavimento do pavillón do Monte da Mina (Castrelos) (15.922-333)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos.

A empresa DEGALLE CONSTRUCCIONES, S.A. presenta un exemplar da súa oferta,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 06:56	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A343-C33545-5E55CF-5NRRQ3-JTC7AQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

polo que se realiza polo Servizo de Contratación unha copia.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611)

En acto público abriuse o Sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitadores	Prezo total	Ampliación prazo garantía (nº meses)
ANEK-S3, S.L.	33.740,85 €	24
BIOMED, S.A.	32.403,80 €	36
ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U.	26.822,45 €	72
CARYOSA HYGIENIC SOLUTIONS, S.L.	34.674,89 €	36

Todas as empresa achegan a documentación esixida no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP (o programa para a realización do curso de formación para un total de 70 persoas e o custo integral do mantemento, por cada equipo e anualidade, indicando todas as tarefas de mantemento que requiren os equipos).

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo (17.563-332)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 17 de abril de 2017, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

- SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A. (MANTOTAL)
- IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.



Durante o prazo concedido, os dous licitadores presentaron documentación, que se remitiu á responsable do contrato.

O 19 de xuño de 2017, o xefe da Área de Servizos Xerais emitiu informe sobre as xustificacións presentadas, concluíndo *“que tanto a empresa MANTOTAL como a empresa IAM RUMBO non cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que podía con ela cumprir o contrato”*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A. (MANTOTAL)
2. IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do nadal (4.384-106) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais o 20 de xuño de 2017 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*, así como o informe de data 23 de xuño de 2017, que rectifica o anterior, que é entregado na propia sesión.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo (17.563-332) (informe sobre C e proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 21 de xuño de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de soporte técnico e formación para a posta en marcha do proxecto EDUSI - VIGO VERTICAL - cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (4.493-440) (informe sobre C e proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos o 19 de xuño de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Actuacións preparatorias orientadas ao desenvolvemento do 3º programa para pintado de medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (8.521-307) (informe sobre C e proposta de clasificación)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 06:56	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A343-C33545-5E55CF-5NRRQ3-JTC7AQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Entrégase o informe asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico o 20 de xuño de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

No referido informe faise constar que a empresa OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A., á que se lle concedeu, ao abeiro do artigo 152 do TRLCSP, un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta, presentou un escrito renunciando á presentación de alegacións para xustificar a súa oferta.

e) Procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade “Vigo Educa” (18.628-332) (informe sobre C e proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 21 de xuño de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

A secretaria comunica aos membros da Mesa que con data do 22 de xuño tivo entrada no Rexistro xeral un escrito presentado pola empresa VIAJES MELYTOUR S.L. de renuncia e retirada da súa oferta.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do nadal (4.384-106)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais o 23 de xuño de 2017 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo (17.563-332)

Acéptase, por unanimidade, o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 21 de xuño de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de soporte técnico e formación para a posta en marcha do proxecto EDUSI - VIGO VERTICAL - cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (4.493-440)

Acéptase, por unanimidade, o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos o 19 de xuño de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 06:56	Páxina 5 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A343-C33545-5E55CF-5NRRQ3-JTC7AQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Actuacións preparatorias orientadas ao desenvolvemento do 3º programa para pintado de medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (8.521-307)

Acéptase, por unanimidade, o informe asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico o 20 de xuño de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación e acórdase, por unanimidade, propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento de OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado.

e) Procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade “Vigo Educa” (18.628-332)

Acéptase, por unanimidade, o informe asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 21 de xuño de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación e acórdase rexeitar a solicitude formulada por VIAJES MELYTOUR S.L. de renuncia e retirada da súa oferta (escrito presentado no Rexistro Xeral o 22 de xuño de 2017 - nº 170091516), por non entenderse xustificada en base aos seguintes motivos:

1. De conformidade co artigo 80.5 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, “*unha vez entregada ou remitida a documentación, non pode ser retirada, agás que a retirada da proposición sexa xustificada*”.
2. A Mesa admitiu a proposición presentada pola citada empresa na sesión do 7 de xuño de 2017. Na apertura da documentación técnica a Mesa xa tivo en conta que a empresa presentou o orzamento detallado no sobre B, en lugar de presentalo no sobre C, como indica o prego de cláusulas administrativas particulares -PCAP-, así como que ese orzamento non incorporase documentos acreditativos dos criterios que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación das fórmulas previstas no prego. A Mesa non acordou excluír á citada empresa deste procedemento porque a incorporación do orzamento detallado no sobre B non constitúe unha causa de exclusión (cláusula 13 do PCAP), nin concorre ningún dos supostos previstos no artigo 84 do Real decreto 1098/2011 para poder rexeitar a proposición. O orzamento detallado nin sequera é obxecto de valoración, polo que tampouco se ve afectado o segredo das ofertas (esixido polo artigo 80 do regulamento).
A este respecto, cómpre sinalar que non basta co mero feito de que os licitadores aleguen erro ou inconsistencia nas súas ofertas, sempre que resulten viables e cumpran o resto dos requisitos para a súa admisión (Informe 30/2008, do 2 de decembro de 2008, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa).
3. De conformidade co artigo 161.4 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, os licitadores terán dereito a retirar a súa proposición de non producirse a adxudicación dentro dos prazos sinalados (2 meses por terse en conta neste procedemento unha pluralidade de criterios). A apertura das proposicións tivo lugar nas sesións do 7 e 19 de xuño de 2017, polo que non



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 06:56	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A343-C33545-5E55CF-5NRRQ3-JTC7AQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



transcorreu o prazo ao que se refire o citado artigo 161.4.

4. En calquera caso, a retirada da proposición neste momento do procedemento non tería efectos, polo que non afectaría ao resultado das valoracións.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo (17.563-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais o 19 de xuño de 2017:

1. SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, S.A. (MANTOTAL)
2. IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria nos colexios públicos de Vigo (17.563-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	Comsa Service Facility Management, S.A.U.	100
2	Clece, S.A.	98,11
3	Investigación y Desarrollo del Lérez, S.L.U.	97,82
4	Elecnor, S.A.	84,58
5	Moncobra, S.A.	76,25
6	Ancin Clima, S.A.	69,95
7	Veolia Servicios Norte, S.A.U.	56,69
8	Aine Mantenimiento y Control Integral, S.L.U.	48,26
9	Termocalor Vigo, S.L.	46,97
10	Valoriza facilities, S.A.U.	29,31

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, COMSA SERVICE FACILITY MANAGEMENT, S.A.U. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o



seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 982,00 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de soporte técnico e formación para a posta en marcha do proxecto EDUSI - VIGO VERTICAL - cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (4.493-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de soporte técnico e formación para a posta en marcha do proxecto EDUSI - VIGO VERTICAL - cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L.	96,00
2	ERNST & YOUNG S L	81,00

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.212,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 06:56	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A343-C33545-5E55CF-5NRRQ3-JTC7AQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Actuacións preparatorias orientadas ao desenvolvemento do 3º programa para pintado de medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (8.521-307)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Actuacións preparatorias orientadas ao desenvolvemento do 3º programa para pintado de medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (8.521-307) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	90,26
2	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACION Y VIALES, S.L. (ACEVI)	89,00
3	ORECO, S.A.	36,17

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.006,74 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

d) Procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade “Vigo Educa” (18.628-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 06:56	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A343-C33545-5E55CF-5NRRQ3-JTC7AQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade “Vigo Educa” (18.628-332) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación
Empresa Estévez Aviión, S.L.	92,65
Autos González, S.L.	92,38
Viajes Melytour, S.L.	91,46
UTE Vda. Domínguez S.L. - Transportes La Unión, S.A. - Autoindustrial, S.L. - Castromil, S.A.	83,53
Autocares La Florida, S.A.	74,93
Empresa Raúl, S.A.	32,21

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMPRESA ESTÉVEZ AVIIÓN, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.090,26 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

15.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541) (necesidade de aclaración de oferta e ampliación do prazo para a emisión do informe do sobre B)

Entréganse as dilixencias asinadas polo tesoureiro municipal nas que expón a necesidade de solicitar a aclaración das ofertas presentadas por AUXILIAR DE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 06:56	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A343-C33545-5E55CF-5NRRQ3-JTC7AQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



RECADACIÓN, S.L.U. e GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A.U. e se comunica o prazo estimado para a emisión do informe do sobre B.

Entrégase na propia sesión unha terceira dilixencia asinada polo tesoureiro municipal e remitida ao Servizo de Contratación no mesmo día da sesión, en relación coa oferta presentada por UTE GRUPO AL VIGO.

O tesoureiro municipal, presente na sesión explica os motivos polos que considera necesario solicitar a aclaración das ofertas.

A Mesa acorda, por unanimidade, dar traslado das citadas dilixencias ás empresas AUXILIAR DE RECADACIÓN, S.L.U., GESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A.U. e UTE GRUPO AL VIGO para os efectos de que no prazo de tres días hábiles aclaren as súas ofertas.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 06:56	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A343-C33545-5E55CF-5NRRQ3-JTC7AQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		